



XUNTA
DE GALICIA



INSTITUTO
GALEGO DO
CONSUMO E DA
COMPETENCIA



Xacobeo 2021

galicia



ONCE

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA E A ONCE-GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN TALLER DE FORMACIÓN, ACCESIBILIDADE E ASESORAMENTO NO PROGRAMA CONSUMOACCESIBLE

En Santiago de Compostela, 20 de abril de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, _____, director do Instituto Galego do Consumo e da Competencia (en diante IGCC), nomeado polo DECRETO 192/2020, do 20 de novembro (DOG nº 23 de novembro), actuando en nome e representación do IGCC, en virtude das facultades que lle confire o artigo 13 dos Estatutos do IGCC publicados mediante Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e dá Competencia (DOG nº 160 do 25 de agosto de 2016), e o artigo 1 da Resolución do 23 de marzo de 2017 sobre delegación de competencias en diversos órganos deste instituto (DOG nº 74 do 18 de abril de 2017);

E doutra, _____, con NIF _____, Delegado territorial da ONCE en Galicia, domiciliada na rúa Cantón Grande, nº 3 da Coruña, con CIF/NIF _____ facendo uso das facultades que lle foron outorgadas por medio da escritura pública de poder autorizada ao 4 de febreiro de 2019 polo notario do Ilustre Colexio de Madrid, D. _____, baixo o número 381 do seu protocolo.

Ambas partes recoñecen que teñen, segundo interveñen, a capacidade legal necesaria para formalizar o seguinte **convenio de colaboración**, e

EXPOÑEN



PRIMEIRO.- Que o IGCC é un organismo autónomo de carácter administrativo é unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins.

SEGUNDO.- Que o Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o IGCC, menciona entre as súas funcións e competencias as que, de acordo co establecido na disposición adicional segunda da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, correspóndenlle ao IGCC. Segundo o artigo 49 da citada Lei 2/2012, a administración competente en materia de consumo, elaborará plans e programas de actuación, en especial a través de novas tecnoloxías, conducentes á formación directa dirixida a todas as colectividades interesadas e, de modo especial, aos colectivos definidos como de protección especial.

Así mesmo, a Lei 2/2012 no seu artigo 50 habilita aos órganos competentes en materia de consumo para establecer a colaboración coas entidades públicas e privadas autonómicas, estatais, comunitarias e internacionais, á hora de levar a cabo os diferentes plans e programas formativos e educativos en materia de consumo.

TERCEIRO.- Que a estratexia de protección ás persoas consumidoras para o período 2020/2025, ten por obxecto alcanzar un alto nivel de protección na nosa Comunidade Autónoma enmarcándose na “Nova Axenda Europea do Consumidor 2020-2025”; e neste sentido, comparte os obxectivos contemplados na mesma e encadrado dentro do ámbito competencial da Comunidade Autónoma en materia de protección das persoas consumidoras.

Contempla tres ámbitos de actuación, que son os seguintes:

- Transformación Dixital
- **Persoas consumidoras vulnerables**
- Formación e Educación sostible, económica, integral e inclusiva

Así, dentro do ámbito de persoas consumidoras vulnerables contéplase a realización dun plan formativo para colectivos vulnerables e diferentes programas entre os que se atopa o denominado ConsumoAccesible, que se dirixe a persoas con discapacidade e en situación de pobreza ou exclusión social.



CUARTO. – Que a Organización Nacional de Cegos Españóis (ONCE) é unha corporación de dereito público de carácter social sen ánimo de lucro que ten o propósito fundamental de mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade visual grave afiliadas á ONCE.

QUINTO.- Que segundo o artigo 6 dos Estatutos reguladores da ONCE (Orde SCB/1240/2019, do 18 de decembro , pola que se publica o texto refundido dos Estatutos da Organización Nacional de Cegos Españóis) son fins da corporación, entre outros, a consecución da autonomía persoal, a rehabilitación, a plena inclusión social e os dereitos da cidadanía, a igualdade de oportunidades e non discriminación e a minimización do impacto que a cegueira ou a deficiencia visual grave presenta na vida dos seus afiliados e afiliadas.

Así mesmo recóllese como fins específicos:

- A inclusión educativa, que se desenvolve ao longo das diferentes etapas, ensinos e niveis educativos, mediante os medios técnicos precisos, en colaboración cos órganos educativos das Administracións competentes do ámbito estatal e autonómico, a través da firma de convenios de colaboración en materia de atención educativa e outros instrumentos contractuais cos que se cubran as necesidades educativas específicas derivadas da cegueira ou da discapacidade visual grave.

- A autonomía persoal, que ten por obxectivo o benestar social das persoas afiliadas, articulando o reforzo daqueles recursos que coaxuden ao goce da súa mobilidade e vida diaria independente, o acceso á información e a comunicación, o apoio psicosocial, así como o asesoramento que facilite o acceso das persoas afiliadas aos servizos da súa comunidade, co fin de mellorar a súa capacidade de autonomía persoal. Para iso, poñeranse en marcha prestacións e actividades específicas para os distintos grupos de persoas afiliadas, en especial, os de atención prioritaria, maiores e novas.



- A accesibilidade universal e deseño para todos, mediante os mecanismos de colaboración e coordinación que prevé a lexislación vixente nesta materia e concrete a normativa interna da ONCE.

SEXTO. - Que ambas as partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións e fins establecer fórmulas de colaboración no ámbito formativo e divulgador a través deste convenio, realizando de forma conxunta unha actuación formativa sobre consumo responsable dirixida especificamente ás persoas en situación de vulnerabilidade, persoas cegas, persoas con resto visual e persoas con discapacidade; así como achegando asesoramento e a accesibilidade en materia de consumo ao persoal e persoas afiliadas da corporación.

En virtude do exposto e recoñecéndose ambas as partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

A colaboración e o desenvolvemento conxunto de carácter formativo e divulgador en materia de consumo, actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizativos en beneficio da cidadanía e da sociedade galega, especialmente, das persoas con discapacidade visual grave afiliadas á ONCE.

O fomento da formación e a educación das persoas máis vulnerables a nivel social como persoas consumidoras e usuarias, para que coñezan os seus dereitos e poidan consumir de forma responsable e eficiente nun mercado cada vez máis globalizado e cambiante. Especialmente, en temas tan importantes como pasos para presentar unha reclamación, protección dos seus dereitos como persoas consumidoras (sobreendebedamento e os servizos que cobren necesidades básicas como a luz, o gas, telefonía, ...).

O empoderamento das persoas usuarias como persoas consumidoras e usuarias, asesorando aos seus afiliados e persoal de atención, así como o fomento do coñecemento destes recursos a través das persoas usuarias máis vulnerables. A promoción das persoas consumidoras e usuarias dunha maneira integral: necesidades básicas, consumo responsable e colaboración social.

A accesibilidade ao sitio web do IGCC (<https://consumo.xunta.gal>) para que todas as persoas, con independencia de ter unha discapacidade, da idade ou de acceder á web desde tecnoloxías pouco convencionais, poidan navegar polas páxinas deste sitio web sen atopar dificultades de acceso.

SEGUNDA.- Obrigas do IGCC

O IGCC, en base á súa experiencia e coñecemento das distintas problemáticas que afectan as persoas consumidoras, deseñará e elaborará o contido do taller e a formación de formadores, incluída a execución da formación, e realizará calquera outra actuación que sexa considerada de interese común para ambas as partes en relación coa actividade obxecto do convenio.

Así mesmo, o IGCC pon a disposición a súa páxina web para o estudo da viabilidade da accesibilidade ao sitio web do IGCC (<https://consumo.xunta.gal>) coa finalidade de que todas as persoas, con independencia de ter unha discapacidade, da idade ou de acceder á web desde tecnoloxías pouco convencionais, poidan navegar polas páxinas deste sitio web sen atopar dificultades de acceso.

E finalmente, o IGCC pon ao dispor da ONCE dúas liñas de atención e asesoramento telefónico, en horario de 9:00 horas a 14:00 horas (de luns a venres, días laborais): 981545583 e 881999095.

TERCEIRA.- Obrigas da ONCE

1º.- Difundirá e xestionará o taller e a formación de formadores que se imparta, así como a difusión e xestión do taller entre as persoas afiliadas á Organización.

2º.- Realización da análise da web do IGCC (<https://consumo.xunta.gal>) para o estudo do nivel de accesibilidade ao sitio web en atención ao cumprimento das Pautas de Accesibilidade ao Contido na Web 2.0 establecidas polo W3 C (Consortio de la World Wide Web) para persoas con discapacidade visual.

3º.- Inclusión no seu portal web do taller e recursos, que debe converterse en punto de referencia na aprendizaxe sobre o consumo responsable e eficiente para as persoas máis vulnerables.

4º.- Realizar unha presentación oficial para todas as súas entidades colaboradoras, técnicos, persoal de atención primaria e persoas afiliadas.

CUARTA.- Actuación formativa

O IGCC, en base á súa experiencia e coñecemento das distintas problemáticas que afectan as persoas consumidoras, deseñará e elaborará o contido do taller e a formación de formadores, incluída a execución da formación, e realizará calquera outra actuación que sexa considerada de interese común para ambas as partes en relación coa actividade obxecto do convenio.

Así mesmo, o IGCC pon a disposición a súa páxina web para a análise do nivel de estudo da viabilidade da accesibilidade ao sitio web do IGCC (<https://consumo.xunta.gal>) coa finalidade de que todas as persoas con discapacidade visual, con independencia de ter unha discapacidade, da idade ou de acceder á web desde tecnoloxías pouco convencionais, poidan navegar polas páxinas deste sitio web sen atopar dificultades de acceso.

E finalmente, o IGCC pon a disposición da ONCE dúas liñas de atención e asesoramento telefónico, en horario de 9:00 horas a 14:00 horas (de luns a venres, días laborais):

a) Temática do taller: *A resiliencia das persoas consumidoras.*



A pandemia con motivo do COVID-19 acelerou diversos cambios na forma de comprar e consumir; por iso é polo que a resiliencia e a adaptabilidade son dous elementos que caracterizarán ás persoas consumidoras.

A educación para o consumo é fundamentalmente unha educación social e cidadá, que incide na comunidade e representa un medio para avanzar cara a unha cidadanía máis crítica, autónoma e consciente dos seus dereitos e responsabilidades, disposta a actuar nunha sociedade globalizada e cambiante.

Por iso é polo que é fundamental ser conscientes e coñecedores dos dereitos que se teñen como persoas consumidoras nos diferentes ámbitos da vida cotiá incrementando a súa protección económica e xurídica, en sectores tan importantes como os enerxéticos, de telefonía, viaxes, sobreendebedamento, comercio electrónico, etc...

En resumo, trataríanse os dereitos esenciais que teñen as persoas consumidoras e usuarias no relativo aos servizos e produtos con maior número de reclamacións.

b) Horario do taller

O taller realizarase en horario de mañá ou tarde, segundo se acorde coa ONCE e sería unha formación de 1 hora, adaptándoa ás entidades colaboradoras, técnicos, persoal de atención primaria e persoas afiliadas da ONCE.

c) Persoas destinatarias:

A formación en consumo está destinada a entidades colaboradoras, técnicos, persoal de atención primaria e persoas afiliadas da ONCE, non sendo preciso un número mínimo de asistentes para impartir a formación.

d) Execución da formación:

Levarase a cabo ao longo do 2021 na data que se acorde coa ONCE.



QUINTA.- Condicións económicas

O presente convenio non supón coste para as partes.

SEXTA.- Coordinación técnica das actuacións

A coordinación técnica dos talleres realizarase a través dun grupo de coordinación composto pola persoa ou persoas que designe a ONCE, e polos correspondentes representantes do IGCC.

No seo deste grupo, poderán decidirse as actuacións que se consideren precisas para potenciar o presente convenio, incluíndo a posibilidade de propoñer convenios de ampliación a outras materias de consumo non contempladas no presente documento.

No marco do presente convenio inclúese así mesmo, o intercambio entre as dúas institucións participantes de material divulgativo e publicacións que cada unha delas realíza en materia de consumo. Nas publicacións ou documentos divulgativos elaborados en virtude deste convenio constará a identificación, como colaboradoras, de ambas as institucións.

SÉTIMA.- Comisión de seguimento

Para a valoración global do grao de cumprimento do convenio créase unha comisión paritaria de seguimento, formada por dous representantes de cada entidade, sendo presidida por un dos representantes do IGCC.

A comisión deberá reunirse, como mínimo, unha vez ao ano e sempre que llo solicite unha das dúas partes.

Esta comisión será competente para resolver os problemas que poidan suscitarse en canto á interpretación e cumprimento do convenio.

OITAVA.- Non existencia de relación laboral



A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas que realicen o asesoramento, o taller do convenio e/ou a auditoría da páxina web.

NOVENA.- Confidencialidade

As partes deberán respectar fronte a todas as persoas non directamente intervinientes e terceiros en xeral, unha confidencialidade estrita e rigorosa respecto a toda información, documentación e modalidades concretas de implementación de proxectos á que se teña acceso en virtude da execución do Convenio, adoptando as medidas para que o persoal vinculado directa ou indirectamente ao seu cumprimento tome as medidas necesarios a tal finalidade.

DÉCIMA.- Causas de resolución do convenio

Son causas de resolución do presente convenio:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordar a súa prórroga.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores previstas no convenio e noutras leis.

Os efectos da resolución do convenio serán os establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Protección de datos

En cumprimento do disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), as partes comprométese a non utilizar nin tratar os datos de carácter



persoal recollidos neste Convenio, así como aqueles a os que poidan ter acceso en desenvolvemento da finalidade contemplada no mesmo, con finalidade distinta á da execución do presente convenio, a non cedelos nin comunicalos a terceiros, salvo para o cumprimento das obrigacións legais que sexan de aplicación, e en especial a non reproducir, publicar ou difundir ningunha información acerca deles.

Neste sentido, as partes autorizan a incorporación aos ficheiros das entidades asinantes do presente documento de todos os datos persoais contidos no mesmo para o exercicio das funcións propias de cada entidade relacionadas co obxecto do presente Convenio.

As partes deberán informar de forma clara e inequívoca de todos estes extremos aos seus representantes, así como de que os titulares dos datos poderán exercer os dereitos de acceso, oposición, rectificación, supresión e limitación do tratamento, respecto dos datos tratados nos ficheiros, na sede do IGCC, no domicilio citado no encabezamento, e na da Dirección Xeral da ONCE, sita en Madrid (28014), cale Prado núm 24, ou no correo electrónico igc.escuela@xunta.gal do IGCC ou da ONCE dpdatos@once.es, incluíndo o seu nome e apelidos, petición en que se concreta a solicitude, dirección a efectos de notificacións, data, firma e fotocopia do DNI ou outro documento válido que os identifique.

Se no futuro fose necesario para a execución do Convenio que as partes se comunicasen datos persoais que deban ser obxecto de tratamento nos ficheiros dos que resultan responsables, as mesmas comprométense a formalizar o correspondente acordo que recolla as obrigacións que as partes han de asumir en relación ao tratamento destes datos segundo o estipulado no RGPD e a LOPDGDD. Cada parte responderá dos incumprimentos da normativa de protección de datos de carácter persoal nos que incorra.

DÉCIMO SEGUNDA.- Vixencia

O período de vixencia do presente convenio comezará o día da súa firma e estenderase ata o 31 de decembro de 2021. Todo isto sen prexuízo da posibilidade,



XUNTA
DE GALICIA



INSTITUTO
GALEGO DO
CONSUMO E DA
COMPETENCIA



Xacobeo 2021

galicia



ONCE

por acordo das partes, de prorrogar expresamente o citado prazo por períodos de duración anual.

Este convenio de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose todas as partes ao acordado en todas as súas estipulacións, e como proba de conformidade subscríbese, por duplicado exemplar, en lugar e data arriba indicados

O DIRECTOR DO INSTITUTO GALEGO DO
CONSUMO E DA COMPETENCIA

O DELEGADO TERRITORIAL
DA ONCE EN GALICIA